



## Declaración institucional do Parlamento de Galicia aprobada na reunión da Mesa e Xunta de Portavoces

Diante do anuncio de peche da Fábrica de Armas da Coruña, realizado de forma unilateral pola multinacional americana General Dynamics, o Parlamento de Galicia, por unanimidade, fai a seguinte

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O Parlamento de Galicia

1. Expresa o rexeitamento **absoluto** da decisión de General Dynamics de pechar a Fábrica de Armas da Coruña, unha das empresas máis emblemáticas da cidade dende a súa implantación no ano 1937, e que é viable pola súa enorme potencialidade.
2. Manifesta o **apoio rotundo e incondicional** aos traballadores e traballadoras da factoría coruñesa, un cadro de persoal con elevada cualificación e cun demostrado compromiso coa empresa ao longo da súa historia.
3. Exixe a General Dynamics o **aprazamento inmediato** do



peche da fábrica na Coruña e a apertura dunha mesa de negociación para abordar un **plan de viabilidade** que garanta a reactivación da actividade produtiva e o mantemento de todos os postos de traballo.

4. Solicita da **Xunta de Galicia** a implicación nas accións impulsadas dende o Concello da Coruña, en colaboración co Comité de Empresa, para lograr o mantemento da actividade produtiva na factoría coruñesa e dar cumprimento ao acordo adoptado por unanimidade de todos os grupos políticos o **22 de novembro do 2005** no Parlamento de Galicia:

- a. Demandar do Goberno español o cumprimento do contrato INI-Defensa co fin de garantir a carga de traballo para todos os centros da empresa Santa Bárbara.*
- b. Demandar do Goberno español que garanta o cumprimento das obrigas asumidas por General Dynamics na adquisición da empresa nacional Santa Bárbara no relativo ás cargas de traballo, novos contratos e investimentos tecnolóxicos.*
- c. Demandar do Goberno español que garanta a continuidade da Fábrica de Armas da Coruña e que presente, en colaboración coa Xunta de Galicia, un plan industrial de futuro, sólido e fiable, que asegure*



*a diversificación da produción, a achega de nova carga de traballo e, en todo caso, o mantemento do actual nivel de emprego.*

5. Requirit do **Goberno do Estado** a súa colaboración na continuidade da actividade en todas as plantas situadas no noso país para lograr o mantemento deste sector estratéxico.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2013